

Texto e ilustracións: **LEO LIONNI**
Tradución: **XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ**

Encadernado en cartón. 22x27,5 cm.
36 páxinas a toda cor.

Dispoñible en:

- Galego: "A casa máis grande do mundo"
Tras os Montes. ISBN 978-84-8464-699-0
- Castelán: "La casa más grande del mundo"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-92-5
- Catalán: "La casa més gran del món"
Kalandraka-Hipòtesi. ISBN 978-84-936667-4-3
- Portugués: "A maior casa do mundo"
Livros para Sonhar. ISBN 978-989-8205-07-0
- Euskera: "Munduko etxerik handiena"
Amets egiteko liburuak. ISBN 978-84-7681-567-0

Prezo: 15 €



A CASA MÁIS GRANDE DO MUNDO

Unha familia de caracois vivía nunha xugosa col. Coa casa ás costas, percorrían lentamente na procura dalgunha herba tenra para roer. Un día, un pequeno caracol díxolle ao seu pai: "Cando sexa grande, quero ter a casa máis grande do mundo." "Iso é unha parvada," respondeu o pai, que resultou ser o caracol máis prudente de todos. "As cousas grandes non sempre son as mellores." E contoulle esta historia...

Leo Lionni na súa nenez foi un gran admirador dos animais, sobre todo reptís, que acollía nun terrario con paredes de vidro, acondicionado con area, pedras, fentos e musgo. Desta afección xurdirían do tempo relatos como o do caracol que ansiaba ter unha casa máis chamativa que a de ningún outro dos seus conxéneres; unha metáfora máis sobre a vida, a prudencia, o sentido práctico das cousas, a humildade e a sinxeleza fronte á arrogancia e á superficialidade.

Cunha linguaxe de moita riqueza literaria, e cunhas ilustracións que destacan pola súa plasticidade e colorido, Leo Lionni presenta esta fábula que segue a senda doutros libros seus, como "Frederick", "Pequeno Azul e Pequeno Amarelo" e "Nadarín", publicados por KALANDRAKA; historias sinxelas que supoñen, en palabras do propio autor, "unha comprensión intuitiva da esencia das cousas e dos acontecementos".

LEO LIONNI


(Amsterdam, Holanda, 1910-Toscana, Italia, 1999)

LEO LIONNI creceu nun ambiente artístico -a súa nai fora cantante de ópera e o seu tío Piet foi un gran afeccionado á pintura e ao coleccionismo- e dende moi novo soubo que ese sería o seu destino. Pero a súa

formación non foi artística, senón que se doutorou en Economía.

O seu primeiro libro para nenos non chegaría ata moitos anos despois, case por casualidade. Durante unha viaxe en tren ocorréuselle a idea de entreter os seus netos creando un conto a partir duns simples anacos de papel de seda. Así xurdiu "Pequeno Azul e Pequeno Amarelo". Foi o primeiro dunha longa lista, con máis de 40 obras aclamadas en todo o mundo pola crítica especializada, como "Frederick" e "Nadarín", os tres editados por KALANDRAKA. Polos seus méritos nos eidos da escultura, o deseño, a pintura e a ilustración, recibiu en 1984 a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas.

En 1931 instalouse en Milán e entrou en contacto co deseño gráfico. Cando se trasladou a América en 1939, traballou nunha axencia de publicidade de Filadelfia como director de arte e máis tarde para a Corporación Olivetti e para a revista Fortune. Paralelamente crecía a súa reputación como artista e os seus cadros exhibíanse nas mellores galerías, dende Nova Iorque a Xapón. Como el mesmo dixo: "Dalgún xeito, nalgún lugar, a arte expresa sempre os sentimentos da infancia".



- **Temática:** fábula sobre o valor da sinxeleza
- **Idade recomendada:** dende 5 anos
- **Aplicacións:** animais, relación pais-fillos, aprendizaxe, experiencia vital; clásico da literatura infantil de todos os tempos, ilustrado cunha orixinal técnica estética; do autor de "Frederick", "Nadarín", "Pequeno Azul e Pequeno Amarelo" e a serie "Frederick" de libros de coñecemento do medio